



Organismo: SECRETARÍA XERAL – Subdirección Xeral de Persoal – Servizo de Secundaria

Anuncio do 24 de xullo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións como profesores de danza contemporánea.

TEXTO:

Primeiro.-

Comuníquese que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para cubrir prazas de profesores de danza contemporánea:

Segundo.- Prazo de solicitude

O prazo para presentar a instancia de solicitude, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais, será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro.- Modelo de solicitude

O modelo de solicitude poderá ser recollido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais, e está a disposición tamén na páxina web da Consellería, na dirección www.edu.xunta.es/profesorado/interinos-substitutos/convocatorias apertura de listases de substitutos, servizo de secundaria (documentos relacionados)

Cuarto.- Comisión baremadora

A asignación da puntuación que lles corresponde ós concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para efectos do previsto no Decreto 144/2008, do 26 de xuño, polo que se modifica o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25) de indemnizacións por razón de servizos ao persoal con destino na Administración Autónoma de Galicia

Poderán asistir ás reunións da comisión, con voz e sen voto, un representante por cada unha das organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria.

Quinto.- Requisitos dos candidatos:

- Estar en posesión do título superior de danza.
- Acreditar o certificado de lingua galega 4 (CELGA 4) ou equivalente.

Non obstante o anterior, poderán presentar solicitudes aquelas persoas que, posuíndo a titulación sinalada non posúan o certificado de lingua galega 4 ou equivalente. Estes candidatos poderán ser seleccionados, en defecto de candidatos e deberán obter, no prazo máximo de 2 anos dende que sexan nomeados, o certificado de lingua galega 4. A obtención do dito certificado deberá ser comunicada á Subdirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sexto.

O baremo de acordo coa Addenda asinada cos sindicatos da Mesa Sectorial Docente o 11 de xullo de 2006 será o publicado na fase de concurso do último concurso-oposición convocado no DOG.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2008
Benito Fernández Rodríguez
Secretario Xeral